

## Jean le Rond D'Alembert (París, 1717-1783)



Matemático, filósofo e enciclopedista francés, foi un dos máximos expoñentes do movemento ilustrado.

Célebre por crear, xunto con Diderot, *L'Encyclopédie Française*.

Encarou o estudo da Matemática a través da Física, co problema dos tres corpos (imposibilidade de encontrar ecuacións das traxectorias: inestabilidade do sistema), a precesión dos equinoccios (razón do desprazamento das estacións), as cordas vibrantes (distintos modos de vibración: aplicación á música). Isto levoulle a estudar as ecuacións diferenciais e as ecuacións en derivadas parciais.

«O Teorema Fundamental da Álgebra» recibe nalgúns países de Europa o nome de «Teorema de d'Alembert–Gauss», dado que d'Alembert foi o primeiro en dar unha proba case completa sobre este teorema, que logo completou Gauss.